

CIRCULAR 22/2015

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

I CAMPIONATO DE GALICIA DE TRAIL (Santiago, 15 de Marzo de 2015)

Art. 1) A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Santiago organizarán o vindeiro 15 de Marzo de 2015 en Santiago de Compostela o **I Campionato de Galicia absoluto de Trail e das categorías Junior, Promesa e Veterán.**

Art.2) No Campionato Galego poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2014/15) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non esten nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galego.

Art. 3) A saída terá lugar ás 10:30 horas do día 15 de marzo na Granxa do Xesto (Monte Pedroso).

Art. 4) A proba celebrarase sobre un percorrido aproximado de 17,5 km cun desnivel acumulado duns 650m.

Art.5) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 10 de marzo do 2015.**

Art.6) Os tres primeiros atletas clasificados de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 8) O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Tódalas reclamacións deberán facerse verbalmente ó xuíz árbitro (o una secretaria da competición) como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados provisionais.

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art. 10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 3 de marzo de 2015